



## ANEXO I

# POLÍTICA DO SISTEMA INTERNO DE INFORMACIÓN E GARANTÍAS DE PROTECCIÓN DAS PERSOAS INFORMANTES

## CONSORCIO PROVINCIAL DE LUGO PARA A PRESTACIÓN DO SERVIZO CONTRA INCENDIOS E SALVAMENTO

### Índice

1.	Aprobación e Entrada en Vigor.....	2
2.	Obxecto e finalidade.....	2
3.	Ámbito material de aplicación.....	2
4.	Ámbito persoal de aplicación.....	3
5.	Principios xerais do sistema interno de información.....	4
6.	Responsable do sistema interno de información.....	5
7.	Principios xerais de protección das persoas informantes.....	6
1.	No procedemento de xestión das informacións do sistema interno de información.....	6
2.	En materia de protección de datos.....	7
3.	Aplicación das medidas de protección establecidas no título VII a LPI.....	7
4.	Garantía do réxime sancionador.....	11
8.	Persoas afectadas polas informacións.....	12
9.	Protección de Datos.....	12
1.	Réxime xurídico do tratamento de datos persoais no Sistema interno de información	12
2.	Licitude dos tratamentos de datos persoais no Sistema interno de información.....	13
3.	Información sobre protección de datos persoais e exercicio de dereitos.....	13
4.	Tratamento de datos persoais no Sistema interno de información.....	13



5.	Preservación da identidade das persoas informantes e das persoas afectadas polas informacións.....	14
6.	Delegado de protección de datos.....	14
7.	Cláusula de protección de datos do Sistema Interno de Información.....	15
10.	Formación.....	15
11.	Publicidade.....	15
12.	Histórico de revisións.....	16



## 1. Aprobación e Entrada en Vigor

Texto aprobado o día 10 de abril de 2026 por Resolución de Presidencia.

Esta “Política do sistema interno de información do Consorcio Provincial de Lugo para a prestación do servizo contra incendios e salvamento e garantías de protección das persoas informantes” é efectiva dende a devandita data e ata que sexa substituída por unha nova versión da mesma.

## 2. Obxecto e finalidade

A aprobación da Lei 2/2023, do 20 de febreiro, reguladora da protección das persoas que informen sobre infraccións normativas e de loita contra a corrupción (en diante, LPI), publicada no Boletín Oficial do Estado do núm. 44 do 21 de febreiro de 2023, supuxo a transposición da Directiva (UE) 2019/1937 do Parlamento Europeo e do Consello, do 23 de outubro de 2019, relativa á protección de persoas que informen sobre infraccións do Dereito da Unión (DPI).

A presente política ten como obxecto cumprir coa LPI, respondendo á dobre finalidade da lei, protexer ás persoas que informen sobre infraccións no ámbito do Consorcio e de velar polo cumprimento normativo, fortalecendo a cultura de integridade e transparencia e utilizando o sistema interno como mecanismo preferente de prevención e detección de ameazas ao interese público.

Así, dáse cumprimento ás obrigas establecidas no art. 13.1.a) da LPI de implantar neste Consorcio un sistema interno de información que sirva de canle preferente para a comunicación das infraccións normativas comprendidas no art. 2 LPI, e de protexer ás persoas informantes referidas no art. 3 LPI.

## 3. Ámbito material de aplicación

O sistema permitirá informar sobre accións ou omisións previstas no art. 2 da Lei 2/2023, onde se define o seguinte:

1. A presente lei protexe ás persoas físicas que informen, a través dalgún dos procedementos previstos nela de:
  - a. Calquera acción ou omisión que poida constituír infraccións do Dereito da Unión Europea sempre que:
    - Entren dentro do ámbito de aplicación dos actos da Unión Europea enumerados no anexo da Directiva (UE) 2019/1937 do Parlamento Europeo e do Consello, do 23 de outubro de 2019, relativa á protección das persoas que informen sobre infraccións do Dereito da Unión, con independencia da cualificación que das mesmas realice o ordenamento xurídico interno;
    - Afecten os intereses financeiros da Unión Europea tal e como se contemplan no artigo 325 do Tratado de Funcionamento da Unión Europea (TFUE); ou
    - Incidan no mercado interior, tal e como se contempla no artigo 26, apartado 2 do TFUE, incluídas as infraccións das normas da Unión Europea en materia de competencia e axudas outorgadas polos Estados, así como as infraccións relativas ao mercado interior en relación cos actos que infrinxan as normas do imposto sobre sociedades ou con prácticas cuxa finalidade sexa obter unha vantaxe fiscal que desvirtúe o obxecto ou a finalidade da lexislación aplicable ao imposto sobre sociedades.
  - b. Accións ou omisións que poidan ser constitutivas de infracción penal ou administrativa grave ou moi grave. En todo caso, entenderanse comprendidas todas aquelas infraccións penais ou administrativas graves ou moi graves que impliquen quebranto económico para a Facenda Pública e para a Seguridade Social.



2. Esta protección non excluírá a aplicación das normas relativas ao proceso penal, incluíndo as dilixencias de investigación.
3. A protección prevista nesta lei para as persoas traballadoras que informen sobre infraccións do Dereito laboral en materia de seguridade e saúde no traballo, enténdese sen prexuízo da establecida na súa normativa específica.
4. A protección prevista nesta lei non será de aplicación ás informacións que afecten á información clasificada. Tampouco afectará as obrigacións que resultan da protección do segredo profesional dos profesionais da medicina e da avogacía, do deber de confidencialidade das Forzas e Corpos de Seguridade no ámbito das súas actuacións, así como do secreto das deliberacións xudiciais.
5. Non se aplicarán as previsións desta lei ás informacións relativas a infraccións na tramitación de procedementos de contratación que conteñan información clasificada ou que fosen declarados segredos ou reservados, ou aqueles cuxa execución deba ir acompañada de medidas de seguridade especiais conforme á lexislación vixente, ou nos que o esixa a protección de intereses esenciais para a seguridade do Estado.
6. No suposto de información ou revelación pública dalgunha das infraccións ás que se refire a parte II do anexo da Directiva (UE) 2019/1937 do Parlamento Europeo e do Consello, do 23 de outubro de 2019, resultará de aplicación a normativa específica sobre comunicación de infraccións nas devanditas materias.

#### **4. Ámbito persoal de aplicación**

Poderán ser informantes aquelas persoas físicas que obteñan información sobre as infraccións establecidas no artigo 2 da LPI nun contexto laboral ou profesional co Consorcio Provincial de Lugo para a prestación do servizo contra incendios e salvamento (en diante, o Consorcio), comprendendo o recollido no artigo 3 da LPI:

1. A presente lei aplicarase aos informantes que traballen no sector privado ou público e que obtivesen información sobre infraccións nun contexto laboral ou profesional, comprendendo en todo caso:
  - a. as persoas que teñan a condición de empregados públicos ou traballadores por conta allea;
  - b. os autónomos;
  - c. os accionistas, partícipes e persoas pertencentes ao órgano de administración, dirección ou supervisión dunha empresa, incluídos os membros non executivos;
  - d. calquera persoa que traballe para ou baixo a supervisión e a dirección de contratistas, subcontratistas e provedores.
2. A presente lei tamén se aplicará aos informantes que comuniquen ou revelen publicamente información sobre infraccións obtida no marco dunha relación laboral ou estatutaria xa finalizada, voluntarios, bolseiros, traballadores en períodos de formación con independencia de que perciban ou non unha remuneración, así como a aqueles cuxa relación laboral aínda non comezase, nos casos en que a información sobre infraccións fose obtida durante o proceso de selección ou de negociación precontractual.
3. As medidas de protección do informante previstas no título VII tamén se aplicarán, no seu caso, especificamente aos representantes legais das persoas traballadoras no exercicio das súas funcións de asesoramento e apoio ao informante.
4. As medidas de protección do informante previstas no título VII tamén se aplicarán, no seu caso, a:



- a. persoas físicas que, no marco da organización na que preste servizos o informante, asistan ao mesmo no proceso,
- b. persoas físicas que estean relacionadas co informante e que poidan sufrir represalias, como compañeiros de traballo ou familiares do informante, e
- c. persoas xurídicas, para as que traballe ou coas que manteña calquera outro tipo de relación nun contexto laboral ou nas que ostente unha participación significativa. Para estes efectos, enténdese que a participación no capital ou nos dereitos de voto correspondentes a accións ou participacións é significativa cando, pola súa proporción, permite á persoa que a posúa ter capacidade de influencia na persoa xurídica participada.

## 5. Principios xerais do sistema interno de información

Co obxectivo de que o sistema sexa efectivo, o Consorcio velará por que cumpra todos os requisitos establecidos na Lei 2/2023, do 20 de febreiro, reguladora da protección das persoas que informen sobre infraccións normativas e de loita contra a corrupción, en particular:

1. **Preferencia.** O sistema interno de información será a canle preferente de presentación de informacións relativas ao ámbito do Consorcio sempre que se poida tratar de maneira efectiva a infracción e se a persoa informante considera que non hai risco de represalia.
2. **Respecto ao ámbito persoal e material de protección.** O sistema interno de información servirá de canle para a presentación daquelas informacións incluídas no ámbito material de aplicación establecido no art. 2 LPI e presentadas polas persoas definidas como informantes no ámbito persoal do art. 3 LPI, ámbitos recollidos na presente Política.
3. **Integración.** Calquera outra canle que permita a recepción de información sobre as infraccións incluídas no art. 2 LPI deberá estar integrada no sistema interno de información.
4. **Compatibilidade.** Porén, o sistema interno de información será compatible coa habilitación doutras canles internas de información polo Consorcio fóra do ámbito material do artigo 2 LPI, se ben ditas comunicacións e os seus remitentes quedarán fóra do ámbito de protección da LPI e do sistema de información.
5. **Accesibilidade.** O sistema interno de información será accesible e alcanzable, de maneira que permita e facilite a presentación de comunicacións a todas as persoas informantes.
6. **Seguridade, confidencialidade e protección de datos.** O sistema interno estará deseñado, establecido e xestionado de forma segura; e garantirá a confidencialidade e a protección de datos.

A garantía da confidencialidade non só alcanzará á identidade da persoa informante, senón tamén ás persoas afectadas e a calquera terceiro mencionado, así como ao conxunto das actuacións que se desenvolvan na xestión e tramitación das comunicacións, e deberán contar con medidas técnicas e organizativas axeitadas para preservar a identidade e garantir a confidencialidade dos datos correspondentes ás persoas afectadas.

A garantía da protección de datos impedirá o acceso a persoal non autorizado e desenvolverase con pleno respecto ao disposto no Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, de 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación destes datos e polo que se derroga a Directiva 95/46/CE (en diante, RXPDP), na Lei Orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais (en diante, LOPDGDD) e ao disposto no título VI da LPI.



7. **Pluralidade de formas de presentación.** O sistema interno de información permitirá a presentación de informacións por escrito, verbalmente e, incluso, de forma anónima.

A información poderase realizar por escrito, a través de correo postal ou a través de calquera medio electrónico habilitado ao efecto; ou verbalmente, por vía telefónica ou a través de sistema de mensaxería de voz. O sistema de información tamén posibilitará que, a solicitude do informante, a información se comunique nunha reunión presencial. Consorcio Provincial de Lugo para a prestación do servizo contra incendios e salvamento – Rúa San Marcos, 8 – Lugo (982260265)

8. **Efectividade.** O sistema interno de información garantirá que as comunicacións presentadas poidan tratarse de maneira efectiva co obxectivo de que o Consorcio sexa a primeiro en coñecer a posible irregularidade.

9. **Garantía do procedemento.** O sistema interno de información contará cun procedemento de xestión das informacións que respectará as garantías do art. 9 LPI e que será aprobado polo órgano de goberno do Consorcio.

10. **Protección das persoas informantes.** O sistema interno de información protexerá ás persoas informantes no ámbito da entidade.

11. **Profesionalización.** O Consorcio formará ao seu persoal en garantía da confidencialidade e do cumprimento normativo.

12. **Información adecuada.** O sistema interno proporcionará información adecuada, clara e accesible sobre o uso da canle interna e sobre os principios do procedemento de xestión das informacións.

13. **Publicidade e difusión.** A información relativa ao sistema interno de información figurará na páxina web do Consorcio, na súa páxina de inicio, en sección separada e facilmente identificable.

## 6. Responsable do sistema interno de información

O órgano de goberno do Consorcio, conforme ao establecido no art. 8 da LPI, é responsable da implantación do sistema interno de información, da aprobación da política do Sistema interno de información, da aprobación do procedemento de xestión das informacións e da determinación e do nomeamento do Responsable do Sistema interno de información (en diante, Responsable do Sistema).

Así mesmo, o órgano de goberno do Consorcio terá a consideración de responsable do tratamento dos datos persoais de conformidade co disposto na normativa sobre protección de datos persoais.

O Consorcio conta coa figura do Delegado de Protección de Datos (DPD) que terá acceso aos datos do Sistema interno dentro do ámbito das súas competencias e funcións, de conformidade co disposto no art. 32.1.e) LPI.

A regulación do Responsable do Sistema establécese no art. 8 da LPI, que contén as seguintes previsións aplicables ás entidades do sector público:

1. órgano de administración ou órgano de goberno de cada entidade ou organismo obrigado por esta lei será o competente para a designación da persoa física responsable da xestión do devandito sistema ou «Responsable do Sistema», e da súa destitución ou cesamento.

2. Se se optase porque o Responsable do Sistema fose un órgano colexiado, este deberá delegar nun dos seus membros as facultades de xestión do Sistema interno de información e de tramitación de expedientes de investigación.



3. Tanto o nomeamento como o cesamento da persoa física individualmente designada, así como das integrantes do órgano colexiado deberán ser notificados á Autoridade Independente de Protección do Informante, AIPI, ou, no seu caso, ás autoridades ou órganos competentes das comunidades autónomas, no ámbito das súas respectivas competencias, no prazo dos dez días hábiles seguintes, especificando, no caso do seu cesamento, as razóns que xustificaron o mesmo.

4. O responsable do Sistema deberá desenvolver as súas funcións de forma independente e autónoma respecto do resto dos órganos da entidade ou organismo, non poderá recibir instrucións de ningún tipo no seu exercicio, e deberá dispoñer de todos os medios persoais e materiais necesarios para levalas a cabo.

5. Nas entidades ou organismos en que xa existise unha persoa responsable da función de cumprimento normativo ou de políticas de integridade, calquera que fose a súa denominación, poderá ser esta a persoa designada como Responsable do Sistema, sempre que cumpra os requisitos establecidos nesta lei.

O Consorcio poderá acordar a xestión do procedemento para a recepción das informacións sobre infraccións, con carácter instrumental, por un terceiro externo, no suposto de que se acredite insuficiencia de medios propios nos termos do art. 15 LPI e 116.4.f) da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014.

A xestión do sistema por un terceiro externo esixirá en todo caso que este ofrezga garantías axeitadas de respecto da independencia, a confidencialidade, a protección de datos e o segredo das comunicacións.

A existencia de corresponsables ou encargados do tratamento de datos persoais require a previa subscripción do acordo regulado no artigo 26 ou 28 do RXP, e na LOPDGDD.

A xestión do Sistema interno de información por un terceiro non poderá supoñer un menoscabo das garantías e requisitos que para dito sistema establece a LPI nin unha atribución da responsabilidade sobre o mesmo en persoa distinta do Responsable do Sistema.

O terceiro externo que, no seu caso, xestione o Sistema, terá a consideración de encargado do tratamento a efectos da lexislación sobre protección de datos persoais. O tratamento rexerá polo acto ou contrato ao que se refire o artigo 28.3 do RGPD.

## **7. Principios xerais de protección das persoas informantes**

Esta política do Sistema establece os seguintes principios, dereitos e garantías de protección das persoas informantes, de conformidade co establecido no art. 5.2. h) e 5.2.j) LPI.

### **1. No procedemento de xestión das informacións do sistema interno de información**

a) Dereito a comunicar as informacións por escrito, verbalmente, incluso con posibilidade de solicitar reunión presencial; e de forma anónima (arts. 5 e 7 da LPI).

b) En relación coas comunicacións verbais, incluídas as reunións presenciais, dereito a que se lle advirta de que a comunicación será gravada ou, no seu caso, dereito a que se lle ofrezga a oportunidade de comprobar, rectificar e aceptar mediante a súa firma a transcripción das comunicacións verbais.

c) Dereito a indicar un enderezo, correo electrónico, ou lugar seguro a efectos de recibir notificacións (art. 7 LPI). Así mesmo, debe entenderse, ao igual que se prevé para o informante na canle externa (art. 21 LPI) que terá dereito a renunciar a recibir comunicacións do sistema interno de información.

d) Dereito a que as comunicacións presentadas sexan tratadas de forma efectiva (art. 5 LPI).



- e) Dereito a que se acuse recibo da súa comunicación no prazo de sete días naturais desde a súa presentación (art. 9 LPI).
- f) Dereito a recibir resposta á súa comunicación nun prazo de tres meses, ou de seis meses se a complexidade do caso determinara a ampliación deste prazo (art. 9 LPI).
- g) Dereito a coñecer o estado de tramitación da súa comunicación e non só o resultado das actuacións.
- h) Dereito a información clara e accesible sobre as canles externas de información ante as autoridades competentes e, no seu caso, ante as institucións, órganos ou organismos da Unión Europea; información que debe proporcionar o sistema interno de información (arts. 7 e 9 LPI).

## **2. En materia de protección de datos**

- a) Garantía do exercicio dos dereitos recoñecidos pola normativa de protección de datos e respecto ás disposicións especiais establecidas nesta materia.
- b) Dereito á preservación da identidade da persoa informante e garantía de confidencialidade.

A identidade da persoa informante será reservada en todo caso e non se comunicará ás persoas afectadas pola información nin a terceiros, e será informada de forma expresa desta reserva da súa identidade.

A identidade da persoa informante só poderá ser comunicada á Autoridade Xudicial, ao Ministerio Fiscal ou á autoridade administrativa competente no marco dunha investigación penal, disciplinaria ou sancionadora. Neste caso, antes de revelar a súa identidade trasladaráselle por escrito explicando os motivos de revelación dos datos confidenciais en cuestión, salvo que puidese comprometer a investigación ou o procedemento xudicial.

## **3. Aplicación das medidas de protección establecidas no título VII a LPI**

### **Ámbito subxectivo das medidas de protección**

De acordo cos apartados 3 e 4 do art. 3 LPI, as medidas de protección do título VII da LPI, ás que se refire este apartado, non só se aplicarán ás persoas informantes, senón que tamén resultan aplicables a:

- a) A representación legal das persoas traballadoras no exercicio das súas funcións de asesoramento e apoio á persoa informante.
- b) As persoas físicas con elas relacionadas e que poidan sufrir represalias, como familiares ou compañeiras de traballo.
- c) A aquelas que lle presten asistencia na súa organización.
- d) Ás persoas xurídicas para as que traballe ou cas que manteña calquera outro tipo de relación nun contexto laboral, ou nas que ostente unha participación significativa (a estes efectos, enténdese que a participación no capital ou nos dereitos de voto correspondentes a accións ou participacións é significativa cando, pola súa proporción, permite á persoa que a posúa ter capacidade de influencia na persoa xurídica participada).

### **Condicións de protección**

Tal e como establece o art. 35 da LPI, o dereito de protección estará supeditado ao cumprimento dos seguintes requisitos:



1. As persoas que comuniquen ou revelen infraccións previstas no artigo 2 terán dereito a protección sempre que concorran as circunstancias seguintes:

- a) teñan motivos razoables para pensar que a información referida é veraz no momento da comunicación ou revelación, aínda cando non acheguen probas concluíntes, e que a citada información se atope dentro do ámbito material de aplicación desta lei,
- b) a comunicación ou revelación se teñan realizado conforme os requirimentos previstos nesta lei.

2. Quedan expresamente excluídos da protección prevista nesta lei aquelas persoas que comuniquen ou revelen:

a) Informacións contidas en comunicacións que fosen inadmitidas por algunha canle interna de información ou por algunha das causas previstas para a canle externa no artigo 18.2.a) da LPI, isto é:

- Por carecer de verosimilitude.
- Porque se refiren a infraccións que non están incluídas no ámbito de aplicación da LPI.
- Porque as informacións carecen manifestamente de fundamento.
- Por indicios racionais de que a información se obtivo mediante a comisión dun delito.
- Porque non se trata de información nova e significativa respecto dunha anterior sobre a que o procedemento ten concluído.

b) Informacións vinculadas a reclamacións sobre conflitos interpersoais ou que afecten unicamente o informante e ás persoas ás que se refira a comunicación ou revelación.

c) Informacións que xa estean completamente dispoñibles para o público ou que constituír meros rumores.

d) Informacións que se refiran a accións ou omisións non comprendidas no art. 2.

3. As persoas que comuniquen ou revelen publicamente información sobre accións ou omisións a que se refire o artigo 2 da LPI de forma anónima pero que posteriormente fosen identificadas e cumpran as condicións previstas nesta lei, terán dereito á protección que a mesma contén.

4. As persoas que informen ante as institucións, órganos ou organismos pertinentes da Unión Europea infraccións que entren no ámbito de aplicación da Directiva (UE) 2019/1937 do Parlamento Europeo e do Consello, do 23 de outubro de 2019, terán dereito a protección conforme o disposto nesta lei nas mesmas condicións que unha persoa que informase por canles externas.

### **Prohibición de represalias e de introducir impedimentos ou dificultades á presentación de comunicacións e revelacións**

#### Dereito a non ser obxecto de represalias.

De conformidade co establecido no art. 36 LPI prohibense expresamente os actos constitutivos de represalia, incluídas as ameazas de represalia e as tentativas de represalia contra as persoas informantes. A estes efectos, as represalias defínense como "calquera tipo de actos ou omisións que estean prohibidos pola lei, ou que, de forma directa ou indirecta, supoñan un trato desfavorable que sitúe ás persoas que as sofren en desvantaxe particular con respecto a outra no contexto laboral ou profesional, só pola súa condición de informantes, ou por ter realizado unha revelación pública".

A título enunciativo, consideraranse formas de represalias as seguintes:



- a) Suspensión do contrato de traballo, despido ou extinción da relación laboral ou estatutaria, incluíndo a non renovación ou a terminación anticipada dun contrato de traballo temporal unha vez superado o período de proba, ou terminación anticipada ou anulación de contratos de bens ou servizos, imposición de calquera medida disciplinaria, degradación ou denegación de ascensos e calquera outra modificación substancial das condicións de traballo e a non conversión dun contrato de traballo temporal nun indefinido, en caso de que o traballador tivera expectativas lexítimas de que se lle ofrecería un traballo indefinido; salvo que estas medidas se levaran a cabo dentro do exercicio regular do poder de dirección ao amparo da lexislación laboral ou reguladora do estatuto do empregado público correspondente, por circunstancias, feitos ou infraccións acreditadas, e alleas á presentación da comunicación.
- b) Danos, incluídos os de carácter reputacional, ou perdas económicas, coaccións, intimidacións, acoso u ostracismo.
- c) Avaliación ou referencias negativas respecto ao desempeño laboral ou profesional.
- d) Inclusión en listas negras ou difusión de información nun determinado ámbito sectorial, que dificulten ou impidan o acceso ao emprego ou a contratación de obras ou servizos.
- e) Denegación ou anulación dunha licenza ou permiso.
- f) Denegación de formación.
- g) Discriminación, ou trato desfavorable ou inxusto.

Nulidade dos actos administrativos que supoñan represalias ou introdución de impedimentos ou dificultades á presentación de comunicacións e responsabilidades derivadas da súa adopción.

Conforme ao art. 36.5 LPI, “os actos administrativos que teñan por obxecto impedir ou dificultar a presentación de comunicacións e revelacións, así como os que constitúan represalia ou causen discriminación trala presentación daquelas ao amparo desta lei, serán nulos de pleno dereito e darán lugar, no seu caso, a medidas correctoras disciplinarias ou de responsabilidade, podendo incluír a correspondente indemnización de danos e prexuízos ao prexudicado”.

Dereito ás medidas de protección fronte a represalias

De acordo co art. 38 LPI serán de aplicación as seguintes medidas de protección e presuncións fronte a represalias. Así:

- a) Non se considerará que as persoas informantes infrinxisen ningunha restrición de revelación de información, e aquelas non incorrerán en responsabilidade de ningún tipo en relación coa dita comunicación sempre que tiveran motivos razoables para pensar que a comunicación de dita información era necesaria para revelar unha infracción en virtude da LPI. Se ben, esta medida non afectará ás responsabilidades de carácter penal.

Esta medida esténdese á comunicación de informacións realizadas pola representación das persoas traballadoras, aínda que se encontren sometidas a obrigacións legais de sigilo ou de non revelar información reservada. Todo elo sen prexuízo das normas específicas de protección aplicables conforme á normativa laboral.

- b) Tampouco incorreran en responsabilidade respecto da adquisición ou o acceso á información comunicada, sempre que dita adquisición ou acceso non constituía un delito.
- c) Nos procedementos ante un órgano xurisdiccional ou outra autoridade relativos aos prexuízos sufridos polos informantes, unha vez que o informante demostrara razoablemente que comunicou a



información de conformidade con esta lei e que sufriu un prexuízo, presumirase que o prexuízo produciuse como represalia. En tales casos, corresponderá á persoa que tomase a medida prexudicial probar que esa medida se baseou en motivos debidamente xustificadas non vinculados á comunicación ou revelación pública.

d) Nos procesos xudiciais, incluídos os relativos a difamación, violación de dereitos de autor, vulneración de segredo, infracción das normas de protección de datos, revelación de segredos empresariais, ou a solicitudes de indemnización baseadas no dereito laboral ou estatutario, as persoas informantes non incorreran en responsabilidade de ningún tipo como consecuencia de comunicacións ou de revelacións públicas protexidas pola mesma. Ditas persoas terán dereito a alegar na súa descarga e no marco dos referidos procesos xudiciais, o ter comunicado ou ter feito unha revelación pública, sempre que tiveran motivos razoables para pensar que a comunicación ou revelación pública era necesaria para poñer de manifesto unha infracción en virtude da LPI.

#### **En relación coas medidas de apoio previstas no art. 37 da LPI**

Dereito ás medidas de apoio reguladas no art. 37 da LPI, que serán prestadas pola Autoridade Independente de Protección do Informante, AIPI, ou polo órgano competente da Comunidade Autónoma tal e como establece o art. 41 da LPI, que establece que as medidas de apoio previstas no título VII serán prestadas pola Autoridade Independente de Protección do Informante, AIPI., cando se trate de infraccións cometidas no ámbito do sector privado e no sector público estatal, e, no seu caso, polos órganos competentes das comunidades autónomas, respecto das infraccións no ámbito do sector público autonómico e local do territorio da respectiva comunidade autónoma, así como as infraccións no ámbito do sector privado, cando o incumprimento comunicado se circunscriba ao ámbito territorial da correspondente comunidade autónoma (o cal debe entenderse sen prexuízo das medidas de apoio e asistencia específicas que poidan articularse polas entidades do sector público e privado).

Con respecto ás infraccións no ámbito do Consorcio, ao integrarse no sector público local, a prestación das medidas de apoio ás persoas informantes será competencia do órgano ou autoridade da Comunidade Autónoma, salvo que esta opte, ao amparo da disposición adicional segunda da LPI, pola subscripción de convenio para que sexa a Autoridade Independente de Protección do Informante, AIPI, a que actúe no ámbito autonómico.

En canto ás medidas concretas de apoio previstas, o art. 37 LPI establece que as persoas que comuniquen ou revelen infraccións previstas no artigo 2 a través dos procedementos previstos nesta lei accederán ás medidas de apoio seguintes:

- a) Información e asesoramento completos e independentes, que sexan facilmente accesibles para o público e gratuítos, sobre os procedementos e recursos dispoñibles, protección fronte a represalias e dereitos da persoa afectada.
- b) Asistencia efectiva por parte das autoridades competentes ante calquera autoridade pertinente implicada na súa protección fronte a represalias, incluída a certificación de que poden acollerse a protección ao amparo da presente lei.
- c) Asistencia xurídica nos procesos penais e nos procesos civís transfronteirizos de conformidade coa normativa comunitaria.
- d) Apoio financeiro e psicolóxico, de forma excepcional, se así o decidise a Autoridade Independente de Protección do Informante, AIPI trala valoración das circunstancias derivadas da presentación da comunicación.



e) Todo elo, con independencia da asistencia que puidera corresponder ao amparo da Lei 1/1996, de 10 de xaneiro, de asistencia xurídica gratuíta, para a representación e defensa en procedementos xudiciais derivados da presentación da comunicación ou revelación pública.

Ademais, terán dereito ás medidas de apoio e asistencia específicas previstas no Sistema Interno de Información do Consorcio. Sen prexuízo das medidas de apoio sinaladas competencia doutras Administracións, de conformidade co disposto no segundo parágrafo do art. 41, estableceranse medidas de información e asesoramento completos sobre o Sistema interno de información do Consorcio.

**A análise da posible exención e atenuación das sancións cando a persoa informante participase na comisión da infracción administrativa obxecto da información prevista no art. 40 LPI**

Análise da posible exención do cumprimento da sanción da persoa informante.

Cando se trate de procedementos sancionadores cuxa competencia corresponda ao Consorcio, terase en conta a previsión do art. 40 LPI. De maneira que, na tramitación de ditos procedementos sancionadores e no marco da legalidade, o órgano competente para resolver o procedemento sancionador, mediante resolución motivada, poderá eximir do cumprimento da sanción administrativa ou atenuala, en función do cumprimento de todos e cada un dos seguintes requisitos:

- a) Ter cesado na comisión da infracción no momento de presentación da comunicación ou revelación e identificado, no seu caso, ao resto das persoas que teñan participado ou favorecido aquela.
- b) Ter cooperado plena, continua e diligentemente ao longo de todo o procedemento de investigación.
- c) Ter facilitado información veraz e relevante, medios de proba ou datos significativos para a acreditación dos feitos investigados, sen que tivera procedido á destrución destes ou á súa ocultación, nin revelara a terceiros, directa ou indirectamente o seu contido.
- d) Ter procedido á reparación do dano causado que lle sexa imputable.

Análise da posible atenuación da sanción da persoa informante e extensión a outros partícipes.

No caso de que os anteriores requisitos non se cumpran na súa totalidade, déixase a criterio da autoridade competente, previa valoración do grao de contribución á resolución do expediente, a posibilidade de atenuar a sanción que tería correspondido á infracción cometida, sempre que o informante ou autor da revelación non teña sido sancionado anteriormente por feitos da mesma natureza que deron orixe ao inicio do procedemento, nos termos establecidos no art. 40 LPI.

#### **4. Garantía do réxime sancionador**

O Consorcio, implementou unha estratexia de protección do sistema de información constituída por múltiples capas de seguridade, constituídas por medidas organizativas, físicas e lóxicas, de tal forma que cando unha capa foi comprometida permita desenvolver unha reacción adecuada fronte aos incidentes que non puideron evitarse, reducindo a probabilidade de que o sistema sexa comprometido no seu conxunto e minimizar o impacto final sobre o mesmo.

Protexerase o perímetro do sistema de información, especialmente, cando o sistema do Consorcio conéctase a redes públicas, tal e como se definen na lexislación vixente en materia de telecomunicacións, reforzándose as tarefas de prevención, detección e resposta a incidentes de seguridade.

En todo caso, analizaranse os riscos derivados da interconexión do sistema con outros sistemas e controlarase o seu punto de unión. Para a adecuada interconexión entre sistemas estarase ao disposto na Instrución Técnica de Seguridade correspondente.



## 8. Persoas afectadas polas informacións

Esta Política reconece os seguintes dereitos e garantías de protección para as persoas afectadas polas informacións, de conformidade coas previsións do art. 9.2, 33, 39 e título IX da LPI.

### No procedemento de xestión das informacións do Sistema interno

- a) Dereito a que se lle informe das accións ou omisións que se lle atribúan, no tempo e forma que se considere adecuado para garantir o bo fin da investigación.
- b) Dereito a ser oída en calquera momento.
- c) Dereito do respecto á presunción de inocencia e honor.

### En materia de protección de datos

- a) Garantía do exercicio dos dereitos recoñecidos pola normativa de protección de datos e respecto ás disposicións especiais establecidas nesta materia.
- b) Dereito á preservación da identidade e garantía de confidencialidade dos datos correspondentes ás persoas afectadas.

### Medidas de protección para as persoas afectadas polas informacións

De conformidade co art. 39 LPI “durante a tramitación do expediente as persoas afectadas pola comunicación terán dereito á presunción de inocencia, ao dereito de defensa e ao dereito de acceso ao expediente nos termos regulados nesta lei, así como á mesma protección establecida para os informantes, preservándose a súa identidade e garantíndose a confidencialidade dos feitos e datos do procedemento”.

### Garantía do réxime sancionador

- a) Réxime sancionador da LPI competencia da Autoridade Independente de Protección do Informante, AIPI, ou equivalente da Comunidade Autónoma.

O réxime de protección do Sistema conta cun réxime sancionador establecido na propia LPI, que sanciona como infraccións as vulneracións dos dereitos das persoas afectadas polas informacións no seu título IX, encomendando a dita potestade sancionadora á Autoridade Independente de Protección do Informante, AIPI, ou polo órgano competente da Comunidade Autónoma, que tipifica diversas infraccións, entre elas calquera limitación de dereitos e garantías previstos na LPI, a vulneración das garantías de confidencialidade ou segredo respecto das persoas afectadas así como, comunicar ou revelar publicamente información a propósito da súa falsidade (art. 63 LPI).

- b) Réxime disciplinario no ámbito do Consorcio.

A potestade sancionadora da Autoridade Independente de Protección do Informante, AIPI, e dos órganos autonómicos equivalentes, entenderase sen prexuízo das facultades disciplinarias que corresponden á Consorcio no ámbito interno municipal (art. 61 LPI).

## 9. Protección de Datos

### 1. Réxime xurídico do tratamento de datos persoais no Sistema interno de información

De acordo co sinalado no art. 29 da LPI, os tratamentos de datos persoais que deriven da aplicación desta lei rexeranse polo disposto no Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, de 27 de abril de 2016, na Lei Orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais, na Lei Orgánica 7/2021, de 26 de maio, de protección de datos persoais tratados para fins



de prevención, detección, investigación e axuízamento de infraccións penais e de execución de sancións penais, e no presente título.

Non se recompilarán datos persoais cuxa pertinencia non resulte manifesta para tratar unha información específica ou, se se recompilan por accidente, eliminaranse sen dilación indebida.

## **2. Licitude dos tratamentos de datos persoais no Sistema interno de información**

Conforme ao previsto no art. 30 LPI os tratamentos de datos necesarios para a aplicación da LPI e o funcionamento do Sistema interno de información do Consorcio enténdense lícitos, ao ser de implantación obrigatoria de acordo co establecido no art. 13 da LPI, en virtude do establecido nos artigos 6.1.c) do RXP, art. 8 da LOPDGDD e art. 11 da Lei Orgánica 7/2021, de 26 de maio, de protección de datos persoais tratados para fins de prevención, detección, investigación e axuízamento de infraccións penais e de execución de sancións penais.

O tratamento das categorías especiais de datos persoais por razóns dun interese público esencial poderase realizar conforme ao previsto no artigo 9.2.g) do Regulamento (UE) 2016/679, conforme ao establecido no artigo 30 LPI.

## **3. Información sobre protección de datos persoais e exercicio de dereitos**

Respectaranse os dereitos de información recollidos no art. 31 da LPI:

- a) Cando se obteñan directamente dos interesados os seus datos persoais facilitaráselles a información a que se refiren os artigos 13 do RGPD e 11 da LOPDGDD. Ás persoas informantes informaráselles, ademais, de forma expresa, de que a súa identidade será en todo caso reservada, que non se comunicará ás persoas ás que se refiren os feitos relatados nin a terceiros.
- b) A persoa afectada polas informacións non será en ningún caso informada da identidade da persoa informante.
- c) Os interesados poderán exercer os dereitos de acceso, rectificación, supresión, á limitación do tratamento, portabilidade, oposición e relativo ás decisións individuais automatizadas a que se refiren os artigos 15 a 22 do RGPD.
- d) En caso de que a persoa afectada polas informacións exercese o dereito de oposición, presumirase que, salvo proba en contrario, existen motivos lexítimos imperiosos que lexitimaran o tratamento dos seus datos persoais.

## **4. Tratamento de datos persoais no Sistema interno de información**

O tratamento dos datos persoais contidos no sistema desenvolverase conforme ao establecido no art. 32.1 LPI, que dispón o seguinte:

1. O acceso aos datos persoais contidos no Sistema interno de información quedará limitado, dentro do ámbito das súas competencias e funcións, exclusivamente a:
  - a. Responsable do Sistema e a quen o xestione directamente.
  - b. responsable de recursos humanos ou o órgano competente debidamente designado, só cando puidese proceder a adopción de medidas disciplinarias contra un traballador. No caso dos empregados públicos, o órgano competente para a tramitación do mesmo.
  - c. responsable dos servizos xurídicos da entidade ou organismo, se procedese a adopción de medidas legais en relación cos feitos relatados na comunicación.



d. delegado de protección de datos.

2. Será lícito o tratamento dos datos por outras persoas, ou mesmo a súa comunicación a terceiros, cando resulte necesario para a adopción de medidas correctoras na entidade ou a tramitación dos procedementos sancionadores ou penais que, no seu caso, procedan.

En ningún caso serán obxecto de tratamento os datos persoais que non sexan necesarios para o coñecemento e investigación das accións ou omisións ás que se refire o artigo 2, procedéndose, no seu caso, á súa inmediata supresión. Así mesmo, suprimiranse todos aqueles datos persoais que se poidan comunicar e que se refiran a condutas que non estean incluídas no ámbito de aplicación da lei.

Se a información recibida contivese datos persoais incluídos dentro das categorías especiais de datos, procederase á súa inmediata supresión, sen que se proceda ao rexistro e tratamento dos mesmos.

3. Os datos que sexan obxecto de tratamento poderán conservarse no sistema de informacións unicamente durante o tempo imprescindible para decidir sobre a procedencia de iniciar unha investigación sobre os feitos informados.

Se se acreditase que a información facilitada ou parte dela non é veraz, deberá procederse á súa inmediata supresión desde o momento en que se teña constancia da devandita circunstancia, salvo que esta falta de veracidade poida constituir un ilícito penal, nese caso gardarase a información polo tempo necesario durante o que se tramite o procedemento xudicial.

4. En todo caso, transcorridos tres meses desde a recepción da comunicación sen que se iniciaron actuacións de investigación, procederase á súa supresión, salvo que a finalidade da conservación sexa deixar evidencia do funcionamento do sistema. As comunicacións ás que non se deu curso soamente poderán constar de forma anonimizada, sen que sexa de aplicación a obriga de bloqueo prevista no artigo 32 da Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro.

#### **5. Preservación da identidade das persoas informantes e das persoas afectadas polas informacións**

As persoas informantes teñen dereito a que a súa identidade non sexa revelada a terceiras persoas, nos termos establecidos no art. 33 LPI.

O Sistema interno de información non obterá datos que permitan a identificación da persoa informante e contará con medidas técnicas e organizativas axeitadas para preservar a identidade e garantir a confidencialidade dos datos correspondentes ás persoas afectadas e a calquera terceira persoa que se mencione na información subministrada, especialmente a identidade da informante en caso de que se tivera identificado.

A identidade da persoa informante só poderá ser comunicada á Autoridade xudicial, ao Ministerio Fiscal ou á autoridade administrativa competente no marco dunha investigación penal, disciplinaria ou sancionadora. Neste caso, a revelación da identidade estará suxeita ás salvagardas establecidas na normativa aplicable. En particular, antes de revelar a súa identidade trasladaráselle á persoa informante, salvo que dita información puidera comprometer a investigación ou o procedemento xudicial. Cando a autoridade competente o comunique á persoa informante, remitiralle un escrito explicando os motivos da revelación dos datos confidenciais en cuestión.

#### **6. Delegado de protección de datos**

O Consorcio conta coa figura do Delegado de Protección de Datos (DPD) que terá acceso aos datos do Sistema interno dentro do ámbito das súas competencias e funcións.



## 7. Cláusula de protección de datos do Sistema Interno de Información

O Sistema Interno de Información incorporará a seguinte cláusula de protección de datos:

Responsable do tratamento: CONSORCIO PROVINCIAL DE LUGO PARA A PRESTACIÓN DO SERVIZO CONTRA INCENDIOS E SALVAMENTO.

Finalidade: Control, xestión e supervisión da canle de denuncias interno establecido para a denuncia de accións ou omisións que puidesen constituír infracción normativa.

Lexitimación: RXPd: 6.1.c) tratamento necesario para o cumprimento dunha obriga legal aplicable ao responsable do tratamento (Lei 2/2023, de 20 de febreiro, reguladora da protección das persoas que informen sobre infraccións normativas e de loita contra a corrupción)

RGPD: 6.1.e) Tratamento necesario para o cumprimento dunha misión realizada en interese público ou no exercicio de poderes públicos conferidos ao responsable do tratamento (Lei 2/2023, de 20 de febreiro, reguladora da protección das persoas que informen sobre infraccións normativas e de loita contra a corrupción).

RXPd 9.2.g) tratamento de categorías especiais de datos persoais por razóns dun interese público esencial (Lei 2/2023, de 20 de febreiro, reguladora da protección das persoas que informen sobre infraccións normativas e de loita contra a corrupción).

Destinatarios: Os datos de carácter persoal poderán ser comunicados a outras Administracións con competencia na materia, forzas e corpos de seguridade ou a órganos xudiciais.

Dereitos: Pode solicitar o acceso, rectificación, supresión, limitación, opoñerse ao tratamento ou exercer outros dereitos que lle asistan, e consultar información adicional, segundo se indica en <https://salvamentolugo.org/politica-de-privacidade/>

Datos de contacto do DPD: [dpd.consorcio.bomberos@deputacionlugo.org](mailto:dpd.consorcio.bomberos@deputacionlugo.org)

## 10. Formación

O Consorcio formará ao seu persoal co obxectivo de xerar o coñecemento necesario sobre o marco legal e institucional de integridade e sobre a protección das persoas que informen sobre infraccións normativas e de loita contra a corrupción.

En particular, impartirase a formación necesaria para que, en caso de que unha comunicación sexa remitida por unha canle diferente ou a persoal non responsable do seu tratamento, a persoa receptora da comunicación a remita inmediatamente ao responsable do sistema e advertirase ao persoal de que o quebrantamento da garantía de confidencialidade do Sistema é unha infracción moi grave, de acordo co establecido no art. 9.2.g) LPI. Igualmente, impartirase formación acerca do tratamento de datos persoais no marco dos Sistemas de información (art. 32.5 LPI).

## 11. Publicidade

O Consorcio publicitará e difundirá o Sistema interno de información, co obxectivo de dalo a coñecer e facilitar o acceso ao Sistema. Esta Política do sistema será debidamente publicitada no seo do Consorcio, polo que se procederá á súa publicación na intranet municipal.

Igualmente formará parte da información relativa ao sistema interno de información do Consorcio que figurará na páxina web da entidade, na súa páxina de inicio, en sección separada e facilmente identificable, así como no portal de transparencia.



## 12. Histórico de revisións

VERSIÓN	DESCRIPCIÓN DE CAMBIOS	REALIZADO	APROBADO
1.0	Primeira emisión	06.03.2026	10.04.2026